

Por resolución do Concelleiro Delegado de Deportes de data 11-11-2015, adoptouse o seguinte acordo:

“Primeiro.- Con data 25/08/2015 apróbanse por decreto do concelleiro delegado titular da Área de Cultura, Ensino, Deporte e Turismo as bases da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas no Concello de Ferrol para a tempada 2015-2016. **=Segundo.-** Con data 28/08/2015 publicanse, no BOP nº 164, as bases da citada convocatoria, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Ferrol co que se inicia un prazo de 10 días hábiles para a presentación de solicitudes por parte dos clubs. **=Terceiro.-** Transcorrido ese prazo, realízase a valoración das solicitudes e con data 18/09/2015 publícase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web a lista provisional de admitidos e excluídos da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas no Concello de Ferrol para a tempada 2015 – 2016. **=Cuarto.-** Tal e como recollen as bases ábrese un prazo de alegacións no que os interesados poderán alegar canto estimen oportuno na defensa dos seus intereses ou presentar un horario alternativo nas franxas horarias ou instalacións sen ocupar. **=Quinto.-** Unha vez avaliadas e informadas pola coordinadora de actividades deportivas as alegacións presentadas, apróbase por decreto de data 2/10/2015 a lista definitiva de admitidos da convocatoria para o outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas no Concello de Ferrol para a tempada 2015 – 2016 e publícanse no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web a lista definitiva. **=Sexto.-** Tras a publicación das listaxes e a entrada en vigor das autorizacións, detéctase un erro na valoración da alegacións interposta polo **Club Universitario de Ferrol**. (RE nº 56677 do 29/09/2015) en virtude do que Dona Begoña Muñiz Lamadrid (nomeamento Resolución do 15/09/2015 da concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda, Emprego e RRHH) presenta informe de data 9/10/2015, suscrito pola coordinadora de actividades deportivas que textualmente di: *=(...) Dona Begoña Muñiz Lamadrid informo: =Que unha vez finalizado o prazo de presentación de alegacións á concesión de instalacións deportivas, procedeuse á cualificación da documentación presentada polas entidades da seguinte maneira. =Primeiro.- Que nos casos nos que dúas ou máis entidades solicitaron a mesma instalación deportiva e na mesma franxa horaria aplicáronse os criterios de prevalencia e as limitacións recollidos na base sexta e sétima respectivamente das bases de outorgamento de autorizacións para a utilización das instalacións deportivas no Concello de Ferrol, tempada 2015-2016. =Segundo.- Que no caso da alegación presentada polo Club Universitario de Ferrol de data 29/09/2015 (RE nº 56.677), no punto en que refire á prevalencia do seu club sobre o Club Irmandiños nos horarios do xoves no CEIP Esteiro, por error aceptouse a alegación cando debía ser rexeitada xa que o club Irmandiños era o máis antigo nesa franxa horaria. =Terceiro.- Que á vista do exposto no punto anterior e feitas as comprobacións prevalece a solicitude do club Irmandiños quedando os horarios tal como aparecen no cuadro anexo. (...)*

CURSO 2015 - 2016							
CEIP ESTEIRO							
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SABADO	DOMINGO
9:00 - 10:00							
10:00 - 11:00						UNIVERSITARIO IRMANDIÑOS	IRMANDIÑOS MINI BASKET COMPETICIÓN UNIVERSITARIO
11:00 - 12:00							
12:00 - 13:00						UNIVERSITARIO IRMANDIÑOS	UNIVERSITARIO
13:00 - 14:00							
16:00 - 17:00						UNIVERSITARIO IRMANDIÑOS	
17:00 - 18:00							
18:00 - 19:00	UNIVERSITARIO	A FERVENZA	UNIVERSITARIO	A FERVENZA	UNIVERSITARIO	UNIVERSITARIO JUNIOR IRMANDIÑOS	IRMANDIÑOS SENIOR COMPETICIÓN
19:00 - 20:00			A FERVENZA senior autonomico				
20:00 - 21:00	UNIVERSITARIO JUNIOR	UNIVERSITARIO CADETE A		IRMANDIÑOS JUNIOR	A FERVENZA senior autonomico	SRD ESTEIRO VETERANOS	
21:00 - 22:00	IRMANDIÑOS JUNIOR	IRMANDIÑOS MINIB.	IRMANDIÑOS SENIOR				
22:00 - 23:00					IRMANDIÑOS SENIOR		
23:00 - 24:00							

Á vista de todo o exposto anteriormente e coa finalidade de subsanar os erros detectados propónse:=**Primeiro**.- Deixar sen efecto as autorizacións de uso de instalacións do Club Universitario Ferrol e do Club Irmandiños, no que atinxe ao cuadrante do CEIP Esteiro, aprobadas mediante Decreto do Concelleiro delegado titular de Cultura, Ensino, Deportes e Turismo de data 2/10/2015.=**Segundo** .-Aprobar as seguintes autorizacións de uso de instalacións tempada 2015-2016, no que atinxe ao cuadrante do CEIP Esteiro:



CURSO 2015 - 2016							
CEIP ESTEIRO							
	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES	SABADO	DÓMINGO
9:00 - 10:00							
10:00 - 11:00						UNIVERSITARIO IRMANDIÑOS	IRMANDIÑOS MINI BASKET COMPETICIÓN UNIVERSITARIO
11:00 - 12:00							
12:00 - 13:00						UNIVERSITARIO IRMANDIÑOS	UNIVERSITARIO
13:00 - 14:00							
16:00 - 17:00						UNIVERSITARIO IRMANDIÑOS	
17:00 - 18:00							
18:00 - 19:00	UNIVERSITARIO	A FERVENZA	UNIVERSITARIO	A FERVENZA	UNIVERSITARIO	UNIVERSITARIO JUNIOR IRMANDIÑOS	IRMANDIÑOS SENIOR COMPETICIÓN
19:00 - 20:00			A FERVENZA senior autonomico		UNIVERSITARIO CADETE A y JR		
20:00 - 21:00	UNIVERSITARIO JUNIOR	UNIVERSITARIO CADETE A		IRMANDIÑOS JUNIOR	A FERVENZA senior autonomico	BRD ESTEIRO VETZANOS	
21:00 - 22:00	IRMANDIÑOS JUNIOR	IRMANDIÑOS MINIB.	IRMANDIÑOS SENIOR				
22:00 - 23:00					IRMANDIÑOS SENIOR		
23:00 - 24:00							

(Esta resolución non afectará ao resto das autorizacións de uso en instalacións deportivas tempada 2015/2016 aprobadas mediante Decreto do Concelleiro delegado titular de Cultura, Ensino, Deportes e Turismo de data 2/10/2015)."

Comunicollo a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa reserva á que fai referencia o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, facéndolle saber que a presente resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou a presente resolución dentro do prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación da presente resolución, de conformidade co disposto nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro (BOE de 14.01.99), sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución e na forma prevista no art. 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativo (BOE de 14.07.98).



Poderá utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.

Atentamente o saúda.

Pazo Municipal, 12 de novembro de 2015.

O SECRETARIO XERAL.

